



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA A MELLORA DO PREGO DE MANTEMENTO DE PARQUES E XARDÍNS

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para a mellora do prego de mantemento de parques e xardíns.

Exposición de motivos

Á chegada ao goberno, co apoio do grupo de Ferrol en Común, do alcalde Ángel Mato, preguntado polas prioridades, no canto de enfocalas no emprego ou as necesidades sociais, o actual alcalde respondeu en clave técnico-xurídica, falando da regularización de contratos; 16 meses despois desa toma de posesión o número de servizos sen contrato no concello de Ferrol segue subindo e sen vistas de formalizar nin un só deles, atopándose entre eles o de **mantemento de parques e xardíns**.

No seu mandato, Ferrol en Común desenvolveu un prego que, para ser posto en común co resto de grupos, foi levado a comisión, ralentizando esta democratización a súa tramitación, que este grupo asume en aras á participación por coincidir no tempo coa nova lei de contratos que supuxo un freazo a toda a contratación a nivel de estado.

A día de hoxe son moitas as circunstancias que mudaron, dous anos despois do inicio desa redacción o material e instalacións están en estado lamentable, a superficie na que actuar é maior e as condicións laborais son diferentes, pois neste tempo os traballadores e traballadoras asinaron un acordo coa empresa para a mellora das súas condicións laborais que o alcalde Ángel Mato ten bloqueado e impide que o prego contemple estes novos dereitos máis favorables para o persoal de mantemento de parques e xardíns, o que supón que dito prego atópese paralizado, sendo un contrato fundamental para o mantemento da nosa cidade. Tamén consideramos que o inicio da contratación debe ir acompañada dun estudo para a súa xestión directa a curto prazo, onde se garantan os mesmos parámetros nos dereitos dos traballadores e na prestación do servizo.

Ferrol en Común vén de reunirse con representantes dos traballadores e apoia as súas demandas que traslada a este pleno:

- 1.- O desbloqueo inmediato por parte do alcalde da sinatura do Acordo laboral pactado entre empresa e parte social, preacordado en maio de 2020, ao igual que no anterior mandato se fixo no servizo de recollida de residuos e limpeza viaria, condicións a tres anos vista, que dignifica unhas condicións laborais sen apenas cambios dende 2008 e, aínda con todo, serían inferiores a cidades do noso entorno.
- 2.- Modificación da parte técnica do prego relativa á maquinaria a empregar: incremento de material con epis específicos para as tarefas a desenvolver, un camión cisterna como no resto de cidades, e unha aposta por aparellos eléctricos con fin de facer un servizo respectuoso co medio ambiente.
- 3.- Incluír no prego as condicións que debe ter a nave onde se instale a base do servizo, con melloras no número de metros, vestiarios e duchas en condicións e cumprimento íntegro da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- 4.- A inclusión no prego do mantemento de parques infantís ao igual que se fai coa inclusión de mantemento de instalacións deportivas, e como se viña facendo ate o período 2001-2003.

5.- A subrogación íntegra de todo o persoal e a adaptación as novas superficies, tendo en conta que a día de hoxe a superficie a traballar é de 27.000 metros cadrados por operario/ano, pasando no novo prego a 28.317 metros cadrados por operario/ano, o dobre que na Coruña e un 50% máis que en Lugo ou Santiago.

6.- A inclusión de cláusulas que primen a paridade e a inclusión.

7.- A eliminación da cláusula que impón un máximo de 6 centímetros na altura do céspede pasando a 15 segas, como no anterior prego, xa que non se adapta ás condicións climatolóxicas do noso territorio.

Por todo iso, o Grupo Municipal de Ferrol en Común solicita o apoio do Pleno do Concello de Ferrol para:

1.- Suspende temporalmente a tramitación administrativa do Prego de mantemento de parques e xardíns ate ter unha xunta de voceiros no prazo de dúas semanas, con presenza do Alcalde e representación dos traballadores e traballadoras que prestan o servizo para analizar estas demandas.

2.- No momento inmediatamente posterior someter a debate e votación en Comisión Informativa de Medio Ambiente, Urbanismo, Servizos, Obras, Seguridade e Contratación as propostas recollidas na parte expositiva, que inciden na parte social e na mellor prestación de servizos.

Ferrol, 26 de outubro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común